

PROGRAMA DE APOIO DA UDC Á CIENCIA EXCELENTE



Programa de apoio
á ciencia excelente

O Plan estratéxico da Universidade da Coruña (UDC, www.udc.gal) para o período 2013-2020 define entre os seus obxectivos a xeración dun ambiente universitario internacional e o logro dunha produción científica baseada na calidade. Dentro do obxectivo estratéxico de internacionalizar a investigación, a UDC propónse ampliar as súas relacións con outras universidades e fomentar e apoiar o acceso ao financiamento internacional para a investigación.

O Consello Europeo de Investigación (ERC, *European Research Council*) busca, mediante convocatorias específicas dentro do pilar I de Ciencia excelente do Programa Horizonte 2020 da Unión Europea, financiar no longo prazo proxectos de investigadores destacados de todo o mundo para reforzar a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación. As subvencións a proxectos do ERC (*ERC grants*, <http://erc.europa.eu>) están abertas a investigadores de calquera idade e de calquera país do mundo que queiran traballar en Europa.

O prestixio internacional asociado ás *ERC grants* é cada vez maior, tanto para os investigadores beneficiarios como para as institucións científicas que os acollen. A consecución de proxectos financiados polo ERC é, actualmente, unha das prioridades no ámbito da investigación para a UDC.

Neste contexto, a UDC decidiu poñer en marcha un programa de apoio á ciencia excelente que fomente a presentación de propostas exitosas de investigadores nalguna das modalidades ao ERC: *Starting Grants* (StG), *Consolidator Grants* (CoG) e *Advanced Grants* (AdG).

Este programa de apoio, denominado **berce** (**ben**vida, **estabilización** e **retorno** de **ciencia** **excelente**), contén unha serie de accións concretas destinadas tanto a investigadores da UDC como a científicos procedentes de calquera parte do mundo que decidan desenvolver o seu proxecto do ERC na UDC.

Ademais das *ERC grants* existen outras convocatorias que posibilitan que investigadores internacionais realicen os seus proxectos na UDC. **berce** pretende dar igualmente apoio técnico ás solicitudes de financiamento de proxectos individuais que supoñen unha aposta pola investigación de calidade e que representen un paso significativo na carreira científica (Máis Ciencia Excelente).

1. OBXECTIVOS

O propósito deste programa é construír as bases para que os investigadores encontren na UDC o ambiente adecuado para levaren a cabo con todas as garantías a súa investigación de excelencia.

Os obxectivos específicos de **berce** teñen como base fomentar o apoio á excelencia como estratexia e poden detallarse nos seguintes puntos:

- a) Atraer talento excelente de calquera parte do mundo á UDC.
- b) Dar continuidade á carreira investigadora dentro da UDC.
- c) Incentivar a participación da UDC no piar de Ciencia excelente do Programa H2020.
- d) Apoiar a concorrencia de investigadores ás ERC *grants*.

2. POR QUE NA UDC?

A UDC ten como finalidade contribuír ao avance cultural, social e económico da sociedade mediante a xeración, xestión e difusión da cultura e o coñecemento científico, tecnolóxico e profesional. Segundo o seu plan estratéxico, concibe a súa misión como un servizo público e de calidade.

A UDC é unha universidade nova (en 2014 celebrou o seu 25º aniversario) e dinámica, que está nunha busca constante de novas oportunidades de mellora. É unha institución pública que aposta pola calidade na súa investigación e nos seus servizos.

As vantaxes que ofrece a UDC como institución de acollida para os investigadores beneficiarios das ERC *grants* poden resumirse en tres grandes apartados:

- a) **Oportunidade científica:** malia a súa mocidade, a UDC conta con numerosos investigadores destacados nas súas áreas de investigación. Dispón ademais dun parque tecnolóxico con diferentes centros de investigación e institutos universitarios que cobren un amplo abano de campos do coñecemento.
- b) **Oportunidade social:** a UDC estruturase en dous campus universitarios, na Coruña e en Ferrol. Ambas as cidades son enclaves acolledores e abertos ao mar, cun clima agradable, a que é doado adaptarse.
- c) **Oportunidade económica:** é una universidade cunha economía saneada e que promove o uso eficiente dos seus recursos desde o punto de vista tanto económico como ambiental.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN

berce é un programa ambicioso que pretende que calquera investigador/a potencialmente interesado/a en presentar un proxecto ao ERC teña en conta a UDC como posible institución de acollida.

Aínda que é certo que o programa está aberto a científicos de todos os países do mundo, tamén o é que, polo seu enclave xeográfico e pola súa tradición cultural, os investigadores ibéricos e iberoamericanos son o obxectivo prioritario desta iniciativa. A UDC xa sinala nos seus Estatutos que promoverá a plena integración no espazo europeo e a proxección en América Latina.

De acordo con este enfoque e tal como se detalla no propio nome deste programa (**b**envida, **e**stabilización e **r**etorno de ciencia **e**xcelente), as liñas de actuación fundamentais son tres:

- a) **b**envida a investigadores internacionais, con atención especial aos latinos, que queiran solicitar e desenvolver a súa ERC *grant* en calquera das súas modalidades a través da UDC.
- b) **e**stabilización laboral dos investigadores beneficiarios dunha ERC *grant*, de acordo co Programa Oportunius promovido desde a Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Xunta de Galicia (<http://gain.xunta.es/artigos/456/oportunius>).
- c) **r**etorno do talento excelente galego que actualmente desenvolve a súa actividade investigadora no estranxeiro e desexa volver a Galicia para continuar aquí a súa carreira científica.

4. ÁREAS CIENTÍFICAS DE INTERESE

O Programa **berce** pretende dar cobertura a todos os proxectos que obteñan financiamento do ERC, independentemente da área de coñecemento a que pertencan, sen ningún tipo de exclusión: ciencias humanas e sociais, ciencias da vida e ciencias físicas e enxeñaría.

A UDC é unha institución multidisciplinar e de carácter transversal. Con todo, como calquera outra universidade, ten unhas áreas de investigación en que salienta especialmente, polo xeral relacionadas cos graos e titulacións que imparte e cos centros de investigación de que dispón.

Xa que logo, sinálase a continuación unha serie de áreas especialmente interesantes pola súa proxección científica, polo seu carácter emerxente ou pola súa consideración de estratéxicas dentro da planificación actual:

- a) Áreas relacionadas cos centros do Parque Tecnolóxico da UDC:
- **CITIC:** Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (<http://citic-research.org>)
 - **CITEEC:** Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (www.udc.gal/citeec)
 - **CICA:** Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (<http://cica.udc.es>), relacionado coa investigación en ciencias químicas e biolóxicas
 - **CIT:** Centro de Investigacións Tecnolóxicas (www.udc.gal/cit), relacionado con diferentes ámbitos das tecnoloxías industriais
- b) Áreas relacionadas cos institutos de investigación universitarios (www.udc.gal/investigacion/institutos_investigacion). A UDC conta con oito institutos de investigación universitarios relacionados con áreas como as ciencias da saúde, o medio a matemática industrial etc.
- c) Áreas relacionadas coas ciencias sociais e as humanidades

5. MEDIDAS CONCRETAS

A UDC plasmou o seu apoio á ciencia excelente nunha serie de medidas concretas que se inclúen no Programa **berce** co obxectivo de fomentar a presentación de propostas exitosas ao ERC tanto de investigadores da UDC como de científicos procedentes de calquera parte do mundo que decidan desenvolver o seu proxecto na UDC.

Coas medidas que se detallan a continuación, preténdese que o apoio comece desde o “momento cero” en que o/a investigador/a decide presentarse a estas convocatorias e continúe durante o proceso de selección, até o desenvolvemento en si do proxecto dentro da institución.

- a) Apoio técnico na elaboración da proposta para o ERC en calquera das súas modalidades. Inclúe asesoramento nos aspectos máis valorados na avaliación do ERC, revisión técnica da proposta, axuda na elaboración do orzamento, revisión lingüística etc.
- b) Disponibilidade dun espazo físico propio para levar a cabo o proxecto, o que garantirá aos/ás investigadores/as a súa independencia investigadora. Neste sentido, a UDC poderá habilitar laboratorios nos seus centros tecnolóxicos sempre que a investigación teña relación coas súas liñas de actuación.
- c) Acceso ao Programa Oportunius promovido desde a GAIN da Xunta de Galicia, mediante a sinatura dun convenio específico entre a UDC e a GAIN que permitirá aos investigadores beneficiarse das condicións e vantaxes deste programa, incluída a formación e, sobre todo, a estabilidade laboral a través dun contrato revisable cada cinco anos de “Profesor/a Distinguido/a”. Para os investigadores da UDC con contrato indefinido previo, Oportunius ofrece a posibilidade de dispoñeren de recursos económicos adicionais para a súa investigación.

d) Negociación de incentivos económicos durante o desenvolvemento do proxecto do ERC que permitan que o salario total dos investigadores sexa plenamente competitivo e acorde coa categoría e prestixio asociados ás persoas beneficiarias deste tipo de proxectos.

e) Acceso a todos os servizos propios que ofrece a UDC, tanto para a xestión de proxectos, convenios e contratos como para a protección da propiedade industrial e intelectual, o servizo de publicacións, a creación de EBT etc.

f) Flexibilidade deste programa para negociar as condicións aquí expostas ou outras necesidades concretas adicionais de cada investigador/a. A UDC comprométese a estudar as suxestións e propostas dos beneficiarios do ERC e, de ser posible, incluílas no Programa **berce**.

6. MÁIS CIENCIA EXCELENTE (+CE)

As ERC *grants* son unha magnífica oportunidade para desenvolver proxectos de investigación innovadores en Europa, mais non a única. Existen outras convocatorias, tanto no ámbito nacional como no europeo, que posibilitan que investigadores internacionais realicen os seus proxectos en entidades como a UDC. Por este motivo, a UDC quere facer extensivo o seu programa de apoio á ciencia excelente a todas aquelas convocatorias de financiamento de proxectos individuais que supoñen unha aposta pola investigación de calidade e que poden supoñer un paso significativo na carreira científica.

Por tanto, a UDC pretende dar apoio á solicitude de propostas, así como ao posterior desenvolvemento dos correspondentes proxectos nos seus centros, de diferentes convocatorias, entre as que se destacan as seguintes:

- a) *Individual fellowships* (IF) das Accións Marie Skłodowska-Curie
- b) Programa Ramón y Cajal
- c) Programa Juan de la Cierva
- d) Programas estatais do Ministerio de Economía e Competitividade de I+D+i para proxectos individuais
- e) Calquera outro programa de financiamento por concorrencia competitiva relacionado coa ciencia excelente a que poidan optar investigadores individuais con interese en desenvolveren as súas propostas na UDC

7. CONTACTO

A xestión do Programa **berce** corresponde á Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI, www.udc.gal/otri), situada dentro da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia. Calquera investigador/a interesado/a neste programa pode dirixirse á OTRI para:

- a) recibir información adicional pormenorizada;
- b) resolver as súas dúbidas sobre todos os aspectos de **berce**;
- c) presentar suxestións e melloras deste programa;
- d) e/ou comunicar o seu interese en participar nesta iniciativa.

Os datos de contacto da OTRI son os seguintes:

Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

www.udc.gal/otri/programa_berce

ucotri@udc.es

Teléfonos: +34 981 167 173 / +34 881 01 2073

Edificio de Servizos Centrais de Investigación

Campus de Elviña s/n

15071 A Coruña

Tamén pode contactar directamente coa Vicerreitoría de Investigación e Transferencia:

www.udc.gal/goberno/equipo_reitoral/vice_investigacion_e_transferencia

Ricardo Cao Abad, vicerreitor de Investigación e Transferencia: vit@udc.es

Horacio Naveira Fachal, adxunto a Investigación: ai.vit@udc.es

Jerónimo Puertas Agudo, adxunto a Transferencia: at.vit@udc.es



OTRI

Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación



Programa de apoio
á ciencia excelente